

O PARAUGAS  
NA RAIOLA  
e outros relatos

PACO RIVAS



BAÍA EDICIÓN S

Xustamente no tránsito entre os séculos XX e XXI (exactamente durante o quinquenio comprendido entre 1998 e 2003), por iniciativa de Antón Reixa, tres cuartas partes da poboación galega estivo enganchada á pantalla de televisión para “seguir” o ritmo de vida dunha comunidade humana asentada nun pequeno porto pesqueiro chamado Portozás. As andanzas daquela masa coral (formada por labrego-mariñeiros, mariñeiros a tempo completo, xente da artesanía e do comercio e tamén por unha nutrida representación das clases pasivas) captaron a atención dun público de todas as idades residente nos ámbitos rurais e nos urbanos e nos intermedios e inclusive, vía satélite, do expatriado nas terras suízas, canarias ou nas do outro lado do Atlántico. A clave: a credibilidade do auténtico. Por iso a serie televisiva entrou no espazo doméstico como sen sentir e por iso foi considerada propia polas dúas comunidades culturais en convivencia.

Entre aquel conxunto de voces máis ou menos algareiras, chamaba a atención a maneira de estar do Melgacho, vello mariñeiro, sabio, mestre na combinación de palabras soltas con silencios moi expresivos. Mesmo aqueles que se consideraban a si mesmos adiantados e que se burlaban do paisano, chegaba un momento en que acudían a el e escoitaban o que lles dicía por activa (a través das palabras e dos xestos) ou por pasiva (sen abrir a boca). Tanto foi así que, cando Melgacho estivo desaparecido e se chegou a dar por morto, a comunidade sentiuse orfa.

Afortunadamente, dado o seu carácter arquetípico, Melgacho non estaba morto; só ausente. De feito, continuou reunindo historias da súa xente e en 2017 mesmo se prestou a contarlle algunhas ao escritor Paco Rivas, de Nois, que as escoitou e as puxo por escrito e que despois as ordenou e as acompañou dun valioso glosario e dun moi didáctico prólogo do profesor Luís Alonso Girgado, antes de llas facer chegar a Baía Edicións para que as editase baixo o título de *Mar... usía. Relatos salpresados*.

Un ano despois, o Melgacho pasou de novo polos portos do Cantábrico mindoniense, recalou en Nois e estivo outra vez co seu interlocutor.

Non sabemos a ciencia certa todo o que falaron, mais si temos o resultado que nos facilita o amanuense: oito relatos de diferentes temáticas, todos eles contados co máis fiel estilo (melgachiano) do relator orixinal.

Nada máis abrir a porta do libro, temos a polémica historia da “Señorita das Lobeiras”. Unha dose completa de humorismo grotesco herdado de Vicente Risco e complementado con pinguiñas estilísticas de Ramón Otero Pedrayo e mesmo de Kafka. Mais non é esta unha confrontación nacional entre os de aquí e os de fóra, como pasaba co comerciante maragato chamado Celidonio; neste caso é un conflito de clase, coa economía e a relixión no centro do debate.

Inmediatamente despois do episodio de tensión política entre os epígonos da fidalguía e os caseiros –da metamorfose dos estamentos en clases–, chega a radiografía da tensión interior dos seres humanos. O do Pintor é relato lírico con viaxe alegórica ao longo dun día ou da vida enteira. Cando o narrador di que aquel home “percorrera o mundo pintando as súas paisaxes –de cada retallo do mundo as máis fermosas– detívose na Ítaca... na Matria... para pintarlle as cores, os alentos, os matices e mesmo as emocións... nun lenzo”, semella que está a falar de si mesmo e do diálogo entre o verbal e o icónico.

Continuando con historias de itinerancia, quen tamén protagoniza outro desprazamento é o “Paraugas na raiola”, que parece saír de París predestinado a chegar á terra mindoniense para se encontrar con Álvaro Cunqueiro. Mais non é o físico o único movemento. O paraugas con prestixio, de deseño exclusivo, o mesmo que tiña un ar de soberbio, o mesmo que dicía “o mundo é meu”, pasou a residir en casa de boa xente, de aquí, do lado da humildade. Mágoa o seu final, que non queremos “destripar”.

O narrador muda o estilo e o ritmo na cuarta historia, “O abano abanador”, divertimento metaliterario protagonizado por unha marquesa consorte (e non con sorte), que antes era Condessa de Bazán; por tres gatiños chamados Édgar, Allan e Poe; por un Marqués *de Sada* desaparecido e amo dun cabalo chamado Incitatus como o de Calígula (o tirano); e por un capataz chamado Xoán. Todo en ambiente de pazo, con neve, noite fría e moito vento. Ao fondo, e como referentes, unha Santa Compañía de escritores: de Suetonio a Ánxel Fole, pasando polo Marqués de Sade

(1740-1814) –o dos antiheroes, despois de mortos perseguidos pola lenda–, Camus, a Condessa de Pardo Bazán e Edgar Allan Poe, aquel que reuniu os nomes dos tres gatos.

Despois da calma, recuperamos o dinamismo da viaxe no “Mariñeiro maneto”, a historia en que é a épica quen se impón á lírica. O que comeza como relato “de oficio” (con saída do porto, navegación e lanzamento das redes) vai derivando en relato de misterio coa intriga dosificada ao estilo dos licores na taberna do porto (grola a grola).

Xa que falamos de licores e de locais en que se socializan, de ambiente tabernario é o “Conto de Nadal”, mostra de simpatía do contador galego por un dos mestres do oficio, o británico Charles Dickens (1812-1870). A versión galego-mindoniense está ambientada nun “arrabalde da Terra, perdido entre o mar e unha fraguiza” e alí “un quiñón de almas latexaban acarón dun Porto Vello” porque querían saber o motivo da chegada dun corpulento visitante que preguntaba por unha Tía Patiñas chamada Aurora.

Ao lado dese mesmo Porto Vello están Demetrio e Eufrasia, protagonistas da singular “Conversa”. Tan estoicamente aguantan o ambiente asfixiante da tarde estival como soportan impertérritos a tremenda treboada e a inmediata enchente que aquela provoca. Mentres tanto conversan e fan contraste entre o antes e o agora, coa lacra do caciquismo no horizonte.

Para o final desta “contada”, o experimentado narrador déixanos as longas “Memorias do esqueleto Isolino”, síntese do *Ollo de vidro* de Castelao e do “Encol da morte do Bieito” de Rafael Dieste. Unha historia ás veces irónica, ás veces sarcástica, con fragmentos tan críticos coas capelas lingüísticas e literarias como o foi no seu momento o manifesto “Máis Alá” de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro.

Chegados aquí, agora comeza a función que leva por título *O paraugas na raiola e outros relatos*. Abran a porta e bótenlle un ollo ás diferentes estancias, busquen a que máis atractiva lles pareza, que despois xa irán pasando polas outras. Tendo como anfitrións o vello Melgacho e o seu amanuense de Nois, non podía ser doutro xeito.

Bernardo Penabade

# A señorita das Lobeiras

---

A “señorita das Lobeiras” existe dende sempre. Todo o mundo a ten no caletre... No acordo... Todo o mundo fai mentes dela...

Dende sempre.

Os máis vellos e os máis novos... As maiores e as raparigas.

Os patrucios... Os cabos de casa.

Os mozos e mozas... Os mozos entregos.

Dende sempre.

Dende hai moitas xeracións. Dende hai moito tempo... Moitos tempos. Os máis vellos xa sabían dela... E os seus avós... E os seus tataravós...

Coñecía de vello.

Dende sempre.

Era algo inconcibíbel. Mais algo que ninguén se preguntaba en toda a volta... En toda a contorna... En toda a rodeada...

Era algo asumido por todos e todas... Por cadaquén...

Dende sempre.

Viña de vello... Coma os milagres.

“A señorita das Lobeiras” era muller mal feita... por fóra e por dentro... Por fóra non estaba tallada por un carpinteiro de ribeira... dos de antes. Non. Dende logo que non. Poida que estivese tallada por un fillo dun carpinteiro de ribeira... dos de antes.

Iso si pode ser.

Ou poida que fose “feita a machado”.

Arredondada, miúda, exigua, cativa, contrafeita, meca e con catro pelos mouros aparafusados na bigoteira... Dous a cada lado. No curuto da cabeza, na caluga, un penacho formando un rodopío.

Por dentro, as vísceras estaban desamañadas... remexidas... avariadas. Os pulmóns, o figado, os riles... estaban trocados de lugar...

Traballaban por tempos.

O bandullo si estaba no seu lugar... No fondal. Na fondeira do arredondado. No fondal das miserias. As tripas enleadas en si mesmas ruxían acotío por mor dos gases que soltaba en calquera sitio... Recullo ou ágora. En calquera momento... Agora ou despois... Sen ningún reparo.

Coma os porcos.

Os porcos de pé.

Os sentimentos –de habelos, faltaban moitos– tamén estaban descolocados... trocados de lugar.

No corazón non quedaba ningún latexo de humanidade... de caridade... O petiño, que todos e todas temos para o amor, estaba anquilosado e tapado por unha laxe, por unha anta... deitada. O peto do odio, o do rancor, que as persoas de ben nin teñen, ocupaba –habitaba– todos os espazos daquel ser miserento, mesquiño, goldrento, morriñoso... e anoxaba aquel todo enleado, embrollado e embeleñado que moraba naquel bandullo, o que provocaba grandes desexos de vomitar, non na “señorita”, senón nos que, por algunha razón –poucas veces acontecía– se tiñan que aconchegar a ela.

A alma estaba totalmente seca, aplanada, infecunda, maniña... Sen ás. De seguro que para que non puidese saír nunca dese corpo arredondado e cheirento e xerar unha pandemia.

Así era a “señorita”. Propietaria e dona de medio pazo –en realidade un pazo que tiña a metade en ruínas–... Un pazo que se foi facendo despois de varias xeracións... Con matrimonios de comenencia... foros e trabucos abusivos... tamén co latrocínio.

Un pazo –un medio pazo... a metade estaba en ruínas– de lousado a dúas augas... sen torres nin atalaias... Tan só unha galería acristalada aberta cara ó leste buscando as solleiradas e os delampos das amencidas para quentar a casa e axexar as propiedades... e os veciños... Sen dúbida, o que máis destacaba deste pazo, deste medio pazo, era un escudo que remataba a fachada principal... Un escudo que recordaba o seu pasado glorioso... Un león, unha espada e un esquío debían ter sido os emblemas de tan nobre familia... Claro que do león só quedaba o rabo e da espada a empuñadura...

O esquío semellaba estarse a rir.

Dun murado de pedra, que fechaba e arroteaba a finca, pouca cousa quedaba... Algunhas maceiras e pereiras, varias camelias e dous ou tres carballos eran as árbores que enfeitaban a finca... Unha capela medio derrubada por falta de uso e un pombal, lousado ás catro augas, sen pombas –foron marchando todas cando se decataron de que só as querían para comer os pichóns– conformaban esta propiedade...

Di un refrán castelán que *Palomas, capilla, ciprés, pazo es...* E aquí tiñamos todo... Mais un todo a medias... Un todo medio derrubado...

Un medio pazo...

Por fóra do murado... do medio murado –aquí todo era medio– estaba medio derrubado ou derrubado polo medio... –que non é o mesmo pero vennos dando igual– a “señorita” era propietaria dun terreo de varias hectáreas na aba daquel monte en que había tres ou catro covas... Tres ou catro lobeiras... agachadas no medio de uces, xestas, codesos... e toxos. Toda esta vexetación nacida espontaneamente...

Dende sempre.

Unha galanura na primavera cando florecían estes arbustos. A Natureza sabe moi ben o que fai... Sabe moi ben o que fai para engalanar a paisaxe... para enfeitar os espazos e ateigalos de cores e aromas. Sabe. Vaia se sabe... Logo vén o home e mata a galanura... Asasina cores e aromas sen ningunha paixón...

As flores amarelas e brancas das xestas abarloadas ás dos codesos –coas súas follas trifoliadas– e, ás dos toxos... Todas elas amarelas... E as das uces, de flores brancas ou malvas moi miúdas, conformaban unha visión realmente fermosa naquel anaco de aba do monte...

E víase dende toda a veiga.

E dende a *Candaira*, polo outro lado da aba.

Grandioso espectáculo.

No medio había dúas ou tres covas... dúas ou tres lobeiras ou goridas de lobos...

A casa, no decurso da súa historia, mormente, foi recoñecida como “A casa das Lobeiras” inda que en momentos puntuais da súa historia tamén se lle chamou “A casa das Lobas”...naquel intre en que habitaban o pazo –non se sabe se xa daquela era medio–varias irmás...

Agora non hai lobos pero hai golpes –raposos– que son os que moran nas goridas desa aba que na primavera se enche de galanura... Mais a casa non trocou o nome... Ninguén di “A casa do Golpe”. Non. Todo o máis poden dicir “A casa da Loba”... Iso si... A quen si lle chamaron, no seu día, *O Golpe* foi a un caseiro novo que debeu vivir cando esta ou algunha das anteriores moradoras do medio pazo eran novas... Deron en chamarlle *O Golpe da señorita*... Se cadra de vez en cando dábanse unhas “petas”... comentan pola parroquia... Hai quen non entende moi ben o sentido desta expresión mais si hai moita xente que ri... ou sorrí... ó escoitala... ou mesmo ó pronunciala...

E destas lobeiras –hoxe raposeiras– a “señorita” era a propietaria...

Propietaria de tres ou catro lobeiras.

De leiras, leiros e leirados.

De casas, casaríos e casais.

De prados, pradarias e pradeiras.

Era a “señorita das Lobeiras”... e a “señora” de todo...

De todos.

De todas.



E vixiaba as propiedades. Vaia se o facía.

Dende o medio pazo... Dende a galería que daba ás so-  
lleiradas e ós delampos das amencidas. Dende alí. Dende a súa  
atalaia albiscaba pradarias de seu –ou iso dicía ela– no fondal da  
parroquia... no fondal do mundo. Nas fondeiras... do seu mun-  
do. Na beiramar... No *Mosteiro*. Polo verán, por ser zona húmida,  
aquelas veigas estaban cubertas dunha herba verdeal, coma pinta-  
da nun lenzo... ó óleo... E por iso, inda que non fosen moitos, al-  
gún que outro paisano –labrego ou mariñeiro– ía apañar, se callar,  
un pequeno carabelo dela... Da herba verdeal... Ou de tarrelos...  
para lle dar ós coellos... Ou ás galiñas... Ou... Tanto ten. Se ían,  
era por necesidade...

... Dende a atalaia ela albiscaba este labor... esta angueira...  
Abesullaba decote... Acotío... Decotío... Non importaba cando  
acontecesen os feitos... Sempre albiscaba... Sempre abesullaba...  
E cando cachaba alguén nun prado... ou mesmo no cómaro... ou  
nunha penela, cunha vella buguina –un aparello en forma de em-  
bude cunha lingüeta que o fai soar cando lle apertan unha bóla ba-  
rriçada de goma que lle sopra o aire– premía na goma con todas as  
forzas que lle permitían as súas mans engruñadas pola anquiloze...  
E toda a veiga espertaba baixo un zunzún roufeño e desafinado...

Tuuuuuuuu... Tuuuuuuuu... tu tuuuu...

E todos liscaban a “fume de carozo”. Ben sabían que despois  
dese zunzún sempre recalaban o cabo da Garda civil... e os dous  
números...

Claro, a “señorita” tiña liña directa con eles.

Isto non só acontecía nos prados do *Mosteiro*. Non. Tamén acaecía  
coas toxeirias que tiña na *Candaira*, mesmo a rentes do medio pazo...  
cara ó leste. Ninguén era quen de coller uns toxos para estrar... a  
vaquiña, a cabuxa ou o rello... De seguida soaba a buguina...

Tuuuuuuuu... Tuuuuuuuu... tu tuuuu...

E ó pouco recalaban o cabo da Garda civil... e os dous nú-  
meros.

A señorita tiña liña directa con eles.

—Hai quen di que ten un pauto co demo.

—Non pode ser... Todo o mundo sabe que doou unha virxe para a igrexa...

—Unha imaxe da virxe.

—Unha imaxe da virxe do Carme.

—Sábese dende hai moitos curas para atrás... Ninguén sabe cantos...

—Saberao Deus!

—Sábese dende sempre.

—E ten un escano de cerna de castiñeiro vello na igrexa... Mesmo a carón da ara. Do altar. Feitiño polo mellor carpinteiro da comarca...

—Feito por un carpinteiro de ribeira.

—Dos de antes?

—Un fillo dun dos de antes.

—Ben luído e cos bordos orlados con follas de carballo...

—E dis que a carón do altar?

—Mesmo no altar.

—E ten liña directa con Deus.

Así semellou rematar esta conversa... entre uns e outros... Entre unhas e outras... Entre os meus tuiños e miñas tuiñas... Na acea... No muíño fariñeiro... Con esta afirmación que fixo aqueloutro dándolle á cabeza compasadamente de enriba para embaixo... Como contándolle as voltas ó rodicio...

Mais non. Non rematou así...

—Foi o mesmo carpinteiro que fixo aquel bote para o *Chingolo*?

—O mesmo.

—Ha de estar ben feito!

Falou así o acaroadado a aqueloutro... Este sen darlle á cabeza... mais retorcendo nos ollos mentres fitaba o mesmo rodicio que aqueloutro fitaba tamén... Ben lembraba a historia do bote que aquel carpinteiro de ribeira –fillo dun carpinteiro de ribeira– fixera para o *Chingolo*...

Por iso retorcíaa nos ollos.

Un bote que ó botalo ficou atravesado.

Mesmo como a ollada do *Meco*.

“Mar e carel”.

Íase en banda... Pola banda de babor. Semellaba ir a tope de peixe... nesa banda... Na banda de babor.

O carpinteiro –o fillo do carpinteiro– de ribeira puxo un par de pelouros da banda de estribor tenteando cada un para controlar o seu peso... E agardou por unha andana... E soltouno cando un socheo o ergueu de socato...

E aboiou.

Sobrenadou.

E velaí que comezou a cabalgar nas ondas sen irse en banda... Nin para a de babor nin para a de estribor... Sen se ir para ningunha banda. Sopesara ben os pelouros. Tenteáraos ben. Ía dereitiño... Co ollar da proa no alén do mar... No horizonte... Ou un pouco máis aló aínda...

—Eu diría que polo outro lado da raia do horizonte.

E semellou rematar –agora si– a conversa.

... Este carpinteiro –fillo dun carpinteiro de ribeira– foi o mesmo que fixo o banco da “señorita”... O mesmo. Só que o banco non escoraba, nin fixo falla pórle un contrapeso... Coxeaba dun pé... mais iso arranaxouno quitándolle un pouco a cada un dos outros tres... Ela era muller de pequeneira estatura. Viríalle ben. Así e todo á “señorita” aconselloulle que sentase sempre contra a banda de estribor... contra o peirao da igrexa... contra a sancristía. Estaba feito cun castiñeiro que tiña un nó pola outra banda... contra a de babor... Non fose ser que desfondase por mor do peso...

Ou das ventosidades.

Ou dos meteorismos.

Ou das flatulencias.

... A “señorita das Lobeiras” non tiña un pauto co demo como matinaba moita xente. Eu tamén penso que non. En todo caso teríao con Deus... co cabo da Garda civil... e co cura... Ó que lle propuxo facer un confesionario só para ela... Recoñeceríaa nada

máis chegar e así non lle faría ningunha pregunta... Nin tan sequeira os silencios do templo escoitarían o “Ave María purísima”...

Pois era Ela... A “señorita”...

Non podía ser outra.

Era o seu confesionario.

O cura de primeiras negouse...

—Vostede non necesita confesar... Vostede está decote con *el Señor*.

—Pero eu teño que ter un confesionario... A xente ten que ver que chego e que me vou... Sen me parar... Do outro xeito matinarán que son unha pecadora...

O cura entendeu a argumentación e volveuse atrás do que dixerá... Mais non sen volver afirmar...

—Que quede claro que se fago isto é porque despois da Virxe do Carme é a vostede a quen máis vocación lle profesó... Ben, o sabe Deus!

Deus non sei, pero toda a parroquia sabía que o cura era, das forzas vivas, o que máis a adulaba... Inda hai quen di que lle facía as beiras...

Iso din.

Sería pensando na inmortalidade...

—Xa sei don Antonio, xa sei... Sosegue... Acalme... Para pensar xa estou eu... E o cura asentiu coa cabeza... como fan, en efecto, os que non pensan.

E así estaban as cousas na parroquia... Deus... o cura... e o cabo da Garda civil, do lado da señorita... Os demais, a plebe, do outro lado...

O lado dos parias...

Dos ilotas.

Dos protexidos por Deus para que teñan unha “señora” que lles dea esmola... E unhas forzas vivas que os engaiolen cando non lle beixen os pés...

Así era o conto... Daquela... Naquel tempo... Inda hoxe ecoan comportamentos que moito o asemellan... Claro que a ple-

be, os parias, os ilotas, xa non son o mesmo... Xa non son tal –algúns–... E poida que non se deixen mangonear polas señoritas ou señoritos... Nin polo cura... Ou si.

Claro que Deus tamén trocou os costumes... Xa non ten liña directa cos “señoritos”. Nin coas “señoritas”... Agora está máis ocupado en recomendar que se repartan mellor as riquezas... En que os pobos ricos axuden ós pobres... En que non deixen morrer os nenos que foxen da guerra... Afogados no intento...

Si, Deus inténtao.

Antes era por medio das “señoritas”... ou dos “señoritos”, agora é por medio do seu representante...

Ten tal...

Ten representante na Terra. Si. Ten tal...

É o Papa...

Que vén sendo algo así como o Padriño... Mais non cuida os afillados por igual... Debe ser porque ten moitos...

Digo eu.

Este dá consellos... Prédicas... Sermóns... E as persoas que o escoitan cóntanse por milleiros...

Milleiros e milleiros.

Chámanlle “O Santo Padre”.

Coido que non é nin unha cousa nin outra... Nin é santo nin é padre... Non creo eu que sexa o pai de milleiros e milleiros de persoas... Tantos fillos non se poden ter... Iso suporía... suporía... Nada... Nada... Non pode ser... É imposible...

Pai de tantos fillos que morren a centos... A miles... A milleiros... cada día... Mentres El participa nun ágape para celebrar calquera acontecemento extraordinario de carácter político ou social con outros “fillos”... Xeralmente gordos coma sapos...

Coma sapos vellos.

Coma sapos que semellan estar a punto de esbourar... ó alentaren... Non é un ágape coma aquel primitivo que tiña un carácter esencialmente fraternal... Non tal.